

Repaso de acentuación

LEMBRA

As palabras acentúanse graficamente atendendo aos seguintes criterios:

	Posición da sílaba tónica	Terminacións con que se acentúan
Agudas	Última	Vogal; vogal + s; vogal + n; vogal + ns
Graves	Penúltima	Consoante distinta de n ou s ou grupo consonántico distinto de ns
Esdrúxulas	Antepenúltima	Todas

1 Fíxate no menú e copia as palabras que se piden.

MENÚ SAUDABLE

Válido todos os días da semana e fácil de elaborar

1.º prato

Arroz con verduras
Ensalada mixta
Puré de cabaciña

Sobremesas

Macedonia de froita
Xeado de iogur con chocolate
Pastel de dátil

2.º prato

Pescada con salsa de nécoras
Croquetas de xamón
Alcachofas con ameixas

Pan, auga mineral
e café ou infusión incluídos.

PREZO: 7€

- Dúas palabras agudas con acento ▶ _____
- Dúas palabras agudas sen acento ▶ _____
- Dúas palabras graves con acento ▶ _____
- Dúas palabras graves sen acento ▶ _____
- Dúas palabras esdrúxulas ▶ _____